

*Trasladamos á comunidade educativa a instrución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.*

No artigo 2.1 da Orde do 10 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza (DOG do 18) establécese que será destinatario de matrícula de honra o alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acade a cualificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro, ou polo Decreto 204/2007, do 11 de outubro. No artigo 3.1 da antedita Orde concrétase a concesión das matrículas de honra.

En consonancia co anterior, e debido á imposibilidade de levar a cabo probas para a concesión do premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza durante o presente curso 2019/2020, infórmase de que para a obtención do premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza se atenderá unicamente aos seguintes criterios:

1. O premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza concederase ao alumnado matriculado que remate o sexto curso dos estudos profesionais de música ou danza cunha cualificación media de 8 no devandito curso, cando menos, e que cumpra ademais co seguinte requisito relativo ao seu expediente académico:

1.1 Nas ensinanzas profesionais de música: que obteña unha cualificación de 9 ou superior na materia de instrumento da especialidade correspondente na avaliación final do sexto curso.